

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES PLURILINGÜE PEDRA DA AGUIA
DEPARTAMENTO: MÚSICA
CURSO: 2º ESO
DATA: 05-05-20

ÍNDICE

1. **Aclaración inicial**
2. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
3. **Avaliación e cualificación.**
4. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
5. **Información e publicidade.**

1.- ACLARACIÓN INICIAL:

Na materia de música hai una gran cantidade de contidos que se traballan de principio a fin de curso, co cal non se trata tanto de reducir contidos, como de considerar o grao de consecución dos mesmos.

Polo tanto, en todos os aspectos que implican adquisición de habilidades de interpretación vocal, instrumental, interpretación, creación de produtos musicais propios, mellora da escoita activa, etc entenderase que todo o alumnado acadou os contidos mínimos neste nivel, agás os casos moi concretos de alumnado con ausencias reiteradas e durante un período prolongado. Seguiranse traballando estes contidos, dentro do contexto que impón a teledocencia, que nesta materia é especialmente limitante.

A consecuencia disto é que o modelo de adaptación curricular que se nos propón, centrándose nos estándares de aprendizaxe, non vai amosar o verdadeiro impacto que ten sobre a materia de música o contexto educativo de docencia non presencial.

Así pois, deberá entenderse a presente Adaptación da Programación Didáctica da materia de música de 2º ESO como un mero documento de mínimos que permita informar ao alumnado e ás familias sobre o tipo de actividades que se van realizar, como se vai manter o contacto durante este período, que procedementos e instrumentos de avaliación se van levar a cabo e como se vai calcular a nota final.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
LINGUAXE MUSICAL	
1. Recoñecer os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando unha linguaxe técnica apropiada e aplicándoos a través da lectura ou a audición e interpretación de pequenas obras ou fragmentos musicais.	1. Recoñece os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando unha linguaxe técnica apropiada. (CCEC, CCL) 2. Recoñece e aplica os ritmos e compases a través da lectura o a audición de pequenas obras ou fragmentos musicais. (CMCCT, CCEC)
2. Distinguir e utilizar os elementos de representación gráfica da música (colocación da notas no pentagrama; clave de sol e de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc)	3. Distingue e emprega os elementos que se utilizan na representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; clave de sol e de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan á intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc). (CCEC)
3. Amosar interese polas actividades de composición e improvisación e amosar respecto polas creacións dos seus compañeiros.	4. Improvisa e interpreta estruturas musicais elementais construídas sobre os modos e as escalas máis sinxelas e os ritmos máis común. (CSIEE, CCEC) 5. Realiza improvisacións e composicións partindo de pautas previamente establecidas. (CCEC)
4. Participar activamente e con iniciativa persoal nas actividades de interpretación, asumindo diferentes roles, intentando concertar su acción coa do resto do conxunto, aportando ideas musicais e contribuíndo ao perfeccionamento da tarefa común.	6. Adquire e aplica as habilidades técnicas e interpretativas necesarias nas actividades de interpretación adecuadas ao nivel. (CCEC) 7. Amosa unha actitude de superación e mellora das súas posibilidades e respecta as distintas capacidades e formas de expresión dos seus compañeiros. (CSIEE) 8. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas de diferentes xéneros, estilos e culturas, aprendidas por imitación e a través da lectura de partituras con diversas formas de notación, adecuadas ao nivel. (CCEC) 9. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas do patrimonio español e galego. (CCEC) 10. Mostra apertura e respecto cara as propostas do profesorado e dos compañeiros. (CSC) 11. Practica as pautas de interpretación: silencio, atención ao director e aos compañeiros e aos outros intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto, mostrando un espírito crítico ante a súa propia interpretación e a do seu grupo. (CSC) 12. Participa de maneira activa en agrupacións vocais e instrumentais, colaborando con actitudes de mellora e compromiso e mostrando unha actitude aberta e respectuosa. (CSC)

ESCOITA:	
1. Identificar e describir os diferentes instrumentos e voces e as súas agrupacións.	1. Diferenza as sonoridades dos instrumentos da orquestra, así como a súa forma, e os diferentes tipos de voces. (CCEC)
2. Seguir distintos tipos de partituras no contexto das actividades musicais da aula como apoio ás tarefas de audición.	2. Sigue partituras como apoio a audición. (CCEC)
3. Valorar o silencio como condición previa para participar nas audicións.	3. Valora e aplica o silencio como elemento indispensable para a interpretación e a audición. (CAA)
4. Identificar situación do ámbito cotiá nas que se produce un uso indiscriminado do son, analizando as súas causas e propoñendo solución.	4. Toma conciencia da contribución da música á calidade da experiencia humana, mostrando unha actitude crítica ante o consumo indiscriminado de música. (CSC)
CONTEXTOS MUSICAIS:	
1. Demostrar interese polas músicas de distintas características, épocas e culturas, e por ampliar e diversificar as propias preferencias musicais, adoptando unha actitude aberta e respectuosa.	1. Aмосa interese por coñecer os distintos xéneros musicais e as súas función expresivas, gozando deles como oínte con capacidade selectiva. (CCEC) 2. Interésase por ampliar e diversificar as preferencias musicais propias. (CAA)
2. Apreciar a importancia do patrimonio cultural musical español e galego e comprender o valor de conservalo e transmitilo.	3. Valora e respecta a importancia do patrimonio musical español e galego. (CCEC) 4. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas do patrimonio español e galego. (CCEC)
3. Valorar a asimilación e o emprego dalgúns conceptos musicais básicos necesarios á hora de emitir xuízos de valor ou “falar de música”.	5. Emprega un vocabulario adecuado para describir percepcións e coñecementos musicais. (CCL) 6. Comunica coñecementos, xuízos e opinións musicais de forma oral e escrita con rigor e claridade. (CCL)
MÚSICA E TECNOLOXÍAS:	
1. Utilizar de maneira funcional os recursos informáticos dispoñibles para a aprendizaxe e indagación do feito musical.	1. Coñece algunha das posibilidades que ofrecen as tecnoloxías e as utiliza como ferramentas para a actividade musical. (CD) 2. Participa na produción musical demostrando o uso adecuado dos materiais relacionados, métodos e tecnoloxías. (CD, CSIEE) 3. Utiliza de xeito guiado as fontes e os procedementos apropiados para elaborar traballos sobre temas relacionados co feito musical. (CD)

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	<p>Procedementos:</p> <p>Durante a 1ª e 2ª avaliación mantivéronse os procedementos detallados na Programación Didáctica.</p> <p>Para a 3ª avaliación:</p> <p>Observación e cualificación das tarefas entregadas semanalmente.</p> <p>Valoración da evolución do alumnado e da consecución das aprendizaxes mínimas.</p> <p>Procurarase que sexan tarefas nas que o alumnado deba implicar os seus coñecementos e a súa capacidade para conectalos entre si e con contidos doutras materias, así como xerar ideas propias, de tal forma que non sexa necesaria a realización de exames para a avaliación do nivel de adquisición dos contidos.</p>
	<p>Instrumentos:</p> <p>Os tipos de actividades que se van propoñer para avaliar a aprendizaxe durante a 3ª avaliación serán:</p> <p><u>ALUMNADO CON CONTIDOS MÍNIMOS DA 1º E 2ª AVALIACIÓNS SEN ADQUIRIR :</u></p> <p>Boletín de tarefas cos contidos que ten suspenso cada alumno ou alumna</p> <p>Gravación dun audio no que interprete una das partituras traballadas durante as clases presenciais.</p> <p>(unha vez superados os contidos, o alumnado sumarase ao grupo sen contidos suspensos).</p> <p><u>ALUMNADO COS CONTIDOS MÍNIMOS DA 1ª E A 2ª AVALIACIÓN ADQUIRIDOS:</u></p> <p>Realización de cuestionarios sobre os contidos propostos semanalmente.</p> <p>Realización de traballos de investigación guiados.</p> <p>Composición de pequenas partituras nas que apliquen os contidos de linguaxe musical xa adquiridos, utilizando o programa de edición de partituras musescore.</p> <p>Gravación de fragmentos musicais, utilizando a súa voz, instrumentos musicais que teñan á súa disposición ou emuladores dixitais de teclado ou xilófono (segundo a súa elección).</p> <p>Construción e utilización de instrumentos realizados con materiais de uso cotiá para realizar improvisacións a partir de esquemas dados.</p>
Cualificación final	<p>Farase media aritmética entre as dúas primeiras avaliacións.</p> <p>Se a media coa terceira favorece ao alumno ou á alumna, procederase, en caso contrario, quedará a primeira nota.</p> <p>En calquera caso anota final non poderá supor un incremento superior a 1 punto sobre a media das dúas primeiras avaliacións, dado o carácter diagnóstico da terceira avaliación.</p>

Proba extraordinaria de setembro	<p>Realización dun boletín de tarefas que se entregará ao alumnado en xuño e dunha proba escrita cos contidos da primeira e da segunda avaliacións. Interpretación dunha das partituras interpretadas durante a primeira e a segunda avaliación ou doutra de dificultade similar elixida polo alumno ou alumna.</p> <p>En caso de non ser posible a proba presencial, realizarase a avaliación das actividades do boletín, así como dun audio que o alumno ou alumna deberá facer chegar vía dixital no cal interprete a partitura correspondente.</p>
Alumnado de materia pendente	<p>Criterios de avaliación:</p> <p>Aplicaranse os contidos mínimos que figuran nesta Modificación da Programación Didáctica.</p>
	<p>Criterios de cualificación:</p> <p>EN 2º ESO NON HAI ALUMNADO CON MÚSICA PENDENTE.</p>
	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<p>ALUMNADO QUE PRECISA RECUPERAR CONTIDOS DA 1ª E 2ª AVALIACIÓN:</p> <p>Presentación dun caderno de tarefas que inclúen contidos teóricos e aplicación de contidos de linguaxe musical e práctica instrumental ou vocal das partituras xa traballadas en clase. O bloque de música e tecnoloxías estase a traballar dende a suspensión das clases presenciais, polo que este eido vai ser superado por todo o alumnado que estea a participar na entrega de tarefas.</p> <p>ALUMNADO SEN CONTIDOS POR RECUPERAR:</p> <p>Presentación de tarefas semanais, que inclúen actividades variadas que implican, con restriccións nalgúns casos, os catro bloques de contidos.</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>O centro coordínase coa Policía Local para facer chegar as tarefas ao alumnado con dificultades para conectarse vía electrónica. Polo tanto, o deseño das actividades tenta adaptarse no máximo posible a esta dobre necesidade. Non obstante é inevitable que a situación actual dificulte a aprendizaxe a certo alumnado, tanto por motivos técnicos como persoais. Por este motivo, esta programación non pode recoller toda a metodoloxía que se aplicará aquí a final de curso, pois requirirá de inevitables cambios e adaptacións ás necesidades específicas do alumnado.</p> <p>En calquera caso, contéplase como vías de contacto co alumnado: Envío e recepción de tarefas e materiais por medios dixitais (e físicos en</p>

	<p>casos excepcionais).</p> <p>Cada semana ponse a disposición do alumnado un vídeo explicativo cos contidos e tarefas que se van realizar.</p> <p>Mensaxería para resolver dúbidas.</p> <p>Posibilidade de chamada ao domicilio do alumno ou alumna, previa petición deste-a, en caso de precisar un contacto máis directo para resolver dúbidas, organizar a tarefa, etc.</p> <p>O recurso da videoconferencia non reúne as características de calidade mínima por cuestións de conectividade para esta tecnoloxía no lugar de residencia da profesora.</p>

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	A modificación da Programación Didáctica farase chegar ás titoras dos cursos de 2º ESO. Enviarase ademais por mensaxería ao alumnado dos grupos, acompañada dunha mensaxe na que se facilitarán ás familias vías para resolver calquera dúbida.
Publicidade	PUBLICARASE NA PÁXINA WEB DO CENTRO, EN LUGAR PREFERENTE.

En Ponte do Porto, a 11 de maio de 2020

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES PLURILINGÜE PEDRA DA AGUIA
DEPARTAMENTO: MÚSICA
CURSO: 3º ESO
DATA: 11-05-20

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

6. Aclaración inicial
7. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
8. Avaliación e cualificación.
9. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
10. Información e publicidade.

1.- ACLARACIÓN INICIAL:

Na materia de música hai una gran cantidade de contidos que se traballan de principio a fin de curso, co cal non se trata tanto de reducir contidos, como de considerar o grao de consecución dos mesmos.

Polo tanto, en todos os aspectos que implican adquisición de habilidades de interpretación vocal, instrumental, interpretación, creación de produtos musicais propios, mellora da escoita activa, etc entenderase que todo o alumnado acadou os contidos mínimos neste nivel, agás os casos moi concretos de alumnado con ausencias reiteradas e durante un período prolongado. Seguiranse traballando estes contidos, dentro do contexto que impón a teledocencia, que nesta materia é especialmente limitante.

A consecuencia disto é que o modelo de adaptación curricular que se nos propón, centrándose nos estándares de aprendizaxe, non vai amosar o verdadeiro impacto que ten sobre a materia de música o contexto educativo de docencia non presencial.

Así pois, deberá entenderse a presente Adaptación da Programación Didáctica da materia de música de 3º ESO como un mero documento de mínimos que permita informar ao alumnado e ás familias sobre o tipo de actividades que se van realizar, como se vai manter o contacto durante este período, que procedementos e instrumentos de avaliación se van levar a cabo e como se vai calcular a nota final.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
LINGUAXE MUSICAL	
1- Distinguir e utilizar os elementos da representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; notas adicionais, clave de sol e de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan á intensidade e matices; indicacións ritmos e de tempo, etc.	1- Distingue e emprega os elementos que se utilizan na representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; notas adicionais, clave de sol e de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan á intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc. (CCEC)
2- Analizar e comprender o concepto de textura e recoñecer, a través da audición e a lectura de partituras, os diferentes tipos de textura.	2- Recoñece, comprende e analiza diferentes tipos de textura. (CCEC, CAA)
3- Amosar interese polo desenvolvemento das capacidades e habilidades técnicas como medio para as actividades de interpretación, aceptando e cumprindo as normas que rexen a interpretación en grupo e aportando ideas musicais que contribúan ao perfeccionamento da tarefa común.	3- Amosa interese polo coñecemento e aplicación de técnicas e normas do coidado da voz, o corpo e os instrumentos. (CAA) 7- Adquire e aplica as habilidades técnicas e interpretativas necesarias nas actividades de interpretación adecuadas ao nivel. (CCEC)
4- Amosar interese polas actividades de composición e improvisación e amosar respecto polas creacións dos seus compañeiros.	4- Amosa unha actitude de superación e mellora das súas posibilidades e respecta as distintas capacidades e formas de expresión dos seus compañeiros. (CSIEE)
5- Participar activamente e con iniciativa persoal nas actividades de interpretación, asumindo diferentes roles, intentando concertar a súa acción coa do resto do conxunto, aportando ideas musicais	5- Practica, crea, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas de diferentes xéneros, estilos, épocas históricas e culturas, aprendidas por imitación e a través da lectura de partituras con diversas formas de notación, adecuadas ao nivel. (CCEC, CSIEE)
6- Explorar as posibilidades de distintas fontes e obxectos sonoros.	6- Investiga e indaga de forma creativa as posibilidades sonoras e musicais dos obxectos sonoros. (CD, CAA)
ESCOITA:	
1- Identificar e describir os diferentes instrumentos e voces e as súas agrupacións.	1- Explora e descubre as posibilidades da voz e os instrumentos e a súa evolución ao longo da historia da música. (CCEC, CAA)
2- Ler e analizar distintos tipos de partituras no contexto das actividades musicais da aula como apoio ás tarefas de audición.	2- Le e analiza partituras como apoio á audición. (CCEC)
3- Recoñecer auditivamente e determinar a época ou cultura á que pertencen distintas obras musicais, interesándose por ampliar as súas preferencias.	3- Recoñece e sabe situar no espazo e no tempo músicas de diferentes culturas e épocas históricas. (CCEC, CMCCT)

4- Identificar e describir, mediante o uso de distintas linguaxes (gráfico, corporal ou verbal), algúns elementos e formas de organización e estruturación musical (ritmo, melodía, textura, timbre, repetición, imitación, variación) dunha obra musical interpretada en vivo ou gravada.	4- Emprega conceptos musicais para comunicar coñecementos, xuízos e opinións musicais de forma oral e escrita con rigor e claridade. (CCL)
CONTEXTOS MUSICAIS:	
1- Realizar exercicios que reflectan a relación da música con outras culturas.	1- Expresa contidos musicais e os relaciona con épocas da historia da música e con outras disciplinas. (CCEC, CCL)
2- Relacionar as cuestións técnicas aprendidas coas características das épocas da historia musical.	2- Relaciona as cuestións técnicas aprendidas enlazándoas ás épocas da historia da música correspondentes. (CCEC, CAA)
3- Distinguir, situar e caracterizar as grandes épocas da historia da música.	3- Distingue e sitúa temporalmente ás épocas da historia da música e as tendencias musicais. (CCEC, CMCCT) 4- Examina e explica con criterio musical a relación entre os acontecementos históricos, o desenvolvemento tecnolóxico e a música na sociedade. (CCEC, CCL)
MÚSICA E NOVAS TECNOLOXÍAS:	
1- Utilizar con autonomía os recursos tecnolóxicos dispoñible, demostrando un coñecemento básico das técnicas e procedementos necesarios para gravar, reproducir, crear, interpretar música e realizar sinxelas producións audiovisuais. 2- Utilizar de xeito funcional os recursos informáticos dispoñibles para a aprendizaxe e indagación do feito musical.	1- Coñece algunhas das posibilidades que ofrecen as tecnoloxías e as utiliza como ferramentas para a actividade musical. (CD, CCEC) 2- Participa en todos os aspectos da produción musical demostrando o uso adecuado dos materiais relacionado, métodos e tecnoloxías. (CSC, CSIEE) 3- Utiliza con autonomía as fontes e os procedementos apropiados para elaborar traballos sobre temas relacionados co feito musical. (CD, CAA)

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	<p>Procedementos:</p> <p>Durante a 1ª e 2ª avaliación mantivéronse os procedementos detallados na Programación Didáctica.</p> <p>Para a 3ª avaliación:</p> <p>Observación e cualificación das tarefas entregadas semanalmente.</p> <p>Valoración da evolución do alumnado e da consecución das aprendizaxes mínimas.</p> <p>Procurarase que sexan tarefas nas que o alumnado deba implicar os seus coñecementos e a súa capacidade para conectalos entre si e con contidos doutras materias, así como xerar ideas propias, de tal forma que non sexa necesaria a realización de exames para a avaliación do nivel de adquisición dos contidos.</p>
	<p>Instrumentos:</p> <p>Os tipos de actividades que se van propoñer para avaliar a aprendizaxe durante a 3ª avaliación serán:</p> <p><u>ALUMNADO CON CONTIDOS MÍNIMOS DA 1º E 2ª AVALIACIÓNS SEN ADQUIRIR :</u></p> <p>Boletín de tarefas cos contidos que ten suspenso cada alumno ou alumna</p> <p>Gravación dun audio no que interprete una das partituras traballadas durante as clases presenciais.</p> <p>(unha vez superados os contidos, o alumnado sumarase ao grupo sen contidos suspensos).</p> <p><u>ALUMNADO COS CONTIDOS MÍNIMOS DA 1ª E A 2ª AVALIACIÓN ADQUIRIDOS:</u></p> <p>Realización de cuestionarios sobre os contidos propostos semanalmente.</p> <p>Realización de traballos de investigación guiados.</p> <p>Composición de pequenas partituras nas que apliquen os contidos de linguaxe musical xa adquiridos, utilizando o programa de edición de partituras musescore.</p> <p>Gravación de fragmentos musicais, utilizando a súa voz, instrumentos musicais que teñan á súa disposición ou emuladores dixitais de teclado ou xilófono (segundo a súa elección).</p> <p>Construción e utilización de instrumentos realizados con materiais de uso cotiá para realizar improvisacións a partir de esquemas dados.</p>
Cualificación final	<p>Farase media aritmética entre as dúas primeiras avaliacións.</p> <p>Se a media coa terceira favorece ao alumno ou á alumna, procederase, en caso contrario, quedará a primeira nota.</p> <p>En calquera caso anota final non poderá supor um incremento superior a 1 punto sobre a media das dúas primeiras avaliacións, dado o carácter diagnóstico da terceira avaliación.</p>

Proba extraordinaria de setembro	<p>Realización dun boletín de tarefas que se entregará ao alumnado en xuño e dunha proba escrita cos contidos da primeira e da segunda avaliacións. Interpretación dunha das partituras interpretadas durante a primeira e a segunda avaliación ou doutra de dificultade similar elixida polo alumno ou alumna.</p> <p>En caso de non ser posible a proba presencial, realizarase a avaliación das actividades do boletín, así como dun audio que o alumno ou alumna deberá facer chegar vía dixital no cal interprete a partitura correspondente.</p>
Alumnado de materia pendente	<p>Criterios de avaliación:</p> <p>Aplicaranse os contidos mínimos que figuran na Adaptación da Programación Didáctica de 2º ESO.</p>
	<p>Criterios de cualificación:</p> <p>A nota calcularase en base á cualificación obtida trala corrección das actividades. Para facilitar o aprobado, unha vez feita a corrección, darase ao alumno a posibilidade de reforzar aqueles apartados máis relevantes que tivesen quedado sen adquirir.</p>
	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p> <p>Propoñerase ao alumnado a realización dun boletín de actividades que incluirán clasificación de instrumentos, recoñecemento de estilos musicais e exercicios de linguaxe musical.</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<p>ALUMNADO QUE PRECISA RECUPERAR CONTIDOS DA 1ª E 2ª AVALIACIÓN:</p> <p>Presentación dun caderno de tarefas que inclúen contidos teóricos e aplicación de contidos de linguaxe musical e práctica instrumental ou vocal das partituras xa traballadas en clase. O bloque de música e tecnoloxías estase a traballar dende a suspensión das clases presenciais, polo que este eido vai ser superado por todo o alumnado que estea a participar na entrega de tarefas.</p> <p>ALUMNADO SEN CONTIDOS POR RECUPERAR:</p> <p>Presentación de tarefas semanas, que inclúen actividades variadas que implican, con restriccións nalgúns casos, os catro bloques de contidos.</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>O centro coordínase coa Policía Local para facer chegar as tarefas ao alumnado con dificultades para conectarse vía electrónica. Polo tanto, o deseño das actividades tenta adaptarse no máximo posible a esta dobre necesidade. Non obstante é inevitable que a situación actual dificulte a aprendizaxe a certo alumnado, tanto por motivos técnicos como persoais. Por este motivo, esta programación non pode recoller toda a metodoloxía que se aplicará aquí a final de curso, pois requirirá de inevitables cambios e adaptacións ás necesidades específicas do</p>

	<p>alumnado.</p> <p>En calquera caso, contéplase como vías de contacto co alumnado: Envío e recepción de tarefas e materiais por medios dixitais (e físicos en casos excepcionais).</p> <p>Cada semana ponse a disposición do alumnado un vídeo explicativo cos contidos e tarefas que se van realizar.</p> <p>Mensaxería para resolver dúbidas.</p> <p>Posibilidade de chamada ao domicilio do alumno ou alumna, previa petición deste-a, en caso de precisar un contacto máis directo para resolver dúbidas, organizar a tarefa, etc.</p> <p>O recurso da videoconferencia non reúne as características de calidade mínima por cuestións de conectividade para esta tecnoloxía no lugar de residencia da profesora.</p>

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	A modificación da Programación Didáctica farase chegar ás titoras dos cursos de 3º ESO. Enviarase ademais por mensaxería ao alumnado dos grupos, acompañada dunha mensaxe na que se facilitarán ás familias vías para resolver calquera dúbida.
Publicidade	PUBLICARASE NA PÁXINA WEB DO CENTRO, EN LUGAR PREFERENTE.

En Ponte do Porto, a 5 de maio de 2020

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES PLURILINGÜE PEDRA DA AGUIA
DEPARTAMENTO: MÚSICA
CURSO: 4º ESO
DATA: 11-05-20

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 11. Aclaración inicial**
- 12. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 13. Avaliación e cualificación.**
- 14. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 15. Información e publicidade.**

1.- ACLARACIÓN INICIAL:

Na materia de música hai una gran cantidade de contidos que se traballan de principio a fin de curso, co cal non se trata tanto de reducir contidos, como de considerar o grao de consecución dos mesmos.

Polo tanto, en todos os aspectos que implican adquisición de habilidades de interpretación vocal, instrumental, interpretación, creación de produtos musicais propios, mellora da escoita activa, etc entenderase que todo o alumnado acadou os contidos mínimos neste nivel, agás os casos moi concretos de alumnado con ausencias reiteradas e durante un período prolongado. Seguiranse traballando estes contidos, dentro do contexto que impón a teledocencia, que nesta materia é especialmente limitante.

A consecuencia disto é que o modelo de adaptación curricular que se nos propón, centrándose nos estándares de aprendizaxe, non vai amosar o verdadeiro impacto que ten sobre a materia de música o contexto educativo de docencia non presencial.

Así pois, deberá entenderse a presente Adaptación da Programación Didáctica da materia de música de 4º ESO como un mero documento de mínimos que permita informar ao alumnado e ás familias sobre o tipo de actividades que se van realizar, como se vai manter o contacto durante este período, que procedementos e instrumentos de avaliación se van levar a cabo e como se vai calcular a nota final.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
INTERPRETACIÓN E CREACIÓN:	
1. Realizar exercicios psicomotrices e improvisar estruturas rítmicas. Interpretar de memoria, individual ou conxuntamente, fragmentos de obras do repertorio seleccionados entre os propostos polo alumnado.	1. Coñece o repertorio traballado e ten capacidade de memorización.CCEC
2. Manter unha actitude axeitada nas audicións, xa sexa como espectador ou coma interprete.	2. Mantén unha actitude positiva cara a música e os seus compañeiros. CSC
3. Respectar as normas que rexen a interpretación en grupo, e participar activamente e con aproveitamento nas interpretacións	3. Compórtase de xeito adecuado en diferentes contextos.CSC
4. Utilizar adecuadamente a voz e os instrumentos musicais durante as actividades de interpretación.	4. Emprega unha técnica apropiada na voz ou no instrumento elixido, xa sexan os que hai na aula de música ou os que aporten os propios alumnos. CAA
ESCOITA:	
1. Recoñecer auditivamente o pulso dunha obra musical, e ser quen de interiorizalo.	1. Coñece as figuras e compases e os signos da escritura musical. CMCCT
2. Coñecer e aplicar na lectura e na interpretación de partituras os termos e signos relacionados coa expresión musical.	
3. Distinguir os elementos que integran unha obra música e poder falar de termoscoma: textura, tonalidade ou tempo.	2. Distingue unha tonalidade maior dunha tonalidade menor, cambios de tempo, de pulso, de dinámica, textura. CAA
4. Recoñecer e valorar os distintos estilos musicais ao longo do tempo e nas diferentes culturas.	3. Por médio da audición ser quen de relacionar cada exemplo musical cun movemento ou a grupo musical determinado. CCEC
CONTEXTOS MUSICAIS E CULTURAIS:	
1. Apreciar a importancia patrimonial da música española e galega, e comprender o valor de conserva-la e transmitila colaborando na recollida, na gravación e na transcripción de pezas.	1. Aмосa interese por coñecer o patrimonio musical español e galego. CSC, CCEC
2. Coñecer a existencia doutras manifestacións musicais e consideralas como fonte de enriquecemento cultural..	2. Analiza a través da audición músicas de distintos lugares do mundo e identifica as súas características fundamentais. ▪ CSC ▪ CCEC
3. Realizar exercicios que reflectan a relación da música con outras manifestacións artísticas.	3. Elabora traballos de investigación nos que establece sinerxías entre a música e outras manifestacións artísticas. CCL, CSC, CAA

4. Coñecer e analizar as características dos principais grupos e tendencias da música popular urbana actual.	Realiza traballos e exposicións ao resto do grupo sobre a evolución da música popular. CAA, CSC, CCL
MÚSICA E TECNOLOXÍAS:	
1. Realizar traballos e exercicios empregando as novas ferramentas de escritura e procesamento do son.	<p>1. Utiliza de un xeito básico programas de escritura musical coma: <i>muscore</i>, <i>flightmusic</i>,... CD</p> <p>2. Emprega de forma autónoma programas coma <i>Audacity</i>.</p>

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	<p>Procedementos:</p> <p>Durante a 1ª e 2ª avaliación mantivéronse os procedementos detallados na Programación Didáctica.</p> <p>Para a 3ª avaliación:</p> <p>Observación e cualificación das tarefas entregadas semanalmente.</p> <p>Valoración da evolución do alumnado e da consecución das aprendizaxes mínimas.</p> <p>Procurarase que sexan tarefas nas que o alumnado deba implicar os seus coñecementos e a súa capacidade para conectalos entre si e con contidos doutras materias, así como xerar ideas propias, de tal forma que non sexa necesaria a realización de exames para a avaliación do nivel de adquisición dos contidos.</p>
	<p>Instrumentos:</p> <p>Os tipos de actividades que se van propoñer para avaliar a aprendizaxe durante a 3ª avaliación serán:</p> <p><u>ALUMNADO CON CONTIDOS MÍNIMOS DA 1º E 2ª AVALIACIÓNS SEN ADQUIRIR :</u></p> <p>Boletín de tarefas cos contidos que ten suspenso cada alumno ou alumna</p> <p>Gravación dun audio no que interprete una das partituras traballadas durante as clases presenciais.</p> <p>(unha vez superados os contidos, o alumnado sumarase ao grupo sen contidos suspensos).</p> <p><u>ALUMNADO COS CONTIDOS MÍNIMOS DA 1ª E A 2ª AVALIACIÓN ADQUIRIDOS:</u></p> <p>Realización de cuestionarios sobre os contidos propostos semanalmente.</p> <p>Realización de traballos de investigación guiados.</p> <p>Composición de pequenas partituras nas que apliquen os contidos de linguaxe musical xa adquiridos, utilizando o programa de edición de partituras musescore.</p> <p>Gravación de fragmentos musicais, utilizando a súa voz, instrumentos musicais que teñan á súa disposición ou emuladores dixitais de teclado ou xilófono (segundo a súa elección).</p> <p>Construción e utilización de instrumentos realizados con materiais de uso cotiá para realizar improvisacións a partir de esquemas dados.</p>
Cualificación final	<p>Farase media aritmética entre as dúas primeiras avaliacións.</p> <p>Se a media coa terceira favorece ao alumno ou á alumna, procederase, en caso contrario, quedará a primeira nota.</p> <p>En calquera caso anota final non poderá supor un incremento superior a 1 punto sobre a media das dúas primeiras avaliacións, dado o carácter diagnóstico da terceira avaliación.</p>

Proba extraordinaria de setembro	<p>Realización dun boletín de tarefas que se entregará ao alumnado en xuño e dunha proba escrita cos contidos da primeira e da segunda avaliacións. Interpretación dunha das partituras interpretadas durante a primeira e a segunda avaliación ou doutrade dificultade similar elixida polo alumno ou alumna.</p> <p>En caso de non ser posible a proba presencial, realizarase a avaliación das actividades do boletín, así como dun audio que o alumno ou alumna deberá facer chegar por vía dixital no cal interprete a partitura correspondente.</p>
Alumnado de materia pendente	<p>Criterios de avaliación:</p> <p>Aplicaranse os contidos mínimos que figuran nesta Modificación da Programación Didáctica.</p>
	<p>Criterios de cualificación:</p> <p>EN 4º ESO NON HAI ALUMNADO CON MÚSICA PENDENTE.</p>
	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<p>ALUMNADO QUE PRECISA RECUPERAR CONTIDOS DA 1ª E 2ª AVALIACIÓN:</p> <p>Presentación dun caderno de tarefas que inclúen contidos teóricos e aplicación de contidos de linguaxe musical e práctica instrumental ou vocal das partituras xa traballadas en clase. O bloque de música e tecnoloxías estase a traballar dende a suspensión das clases presenciais, polo que este eido vai ser superado por todo o alumnado que estea a participar na entrega de tarefas.</p> <p>ALUMNADO SEN CONTIDOS POR RECUPERAR:</p> <p>Presentación de tarefas semanas, que inclúen actividades variadas que implican, con restriccións nalgúns casos, os catro bloques de contidos.</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>O centro coordínase coa Policía Local para facer chegar as tarefas ao alumnado con dificultades para conectarse vía electrónica. Polo tanto, o deseño das actividades tenta adaptarse no máximo posible a esta dobre necesidade. Non obstante é inevitable que a situación actual dificulte a aprendizaxe a certo alumnado, tanto por motivos técnicos como persoais. Por este motivo, esta programación non pode recoller toda a metodoloxía que se aplicará aquí a final de curso, pois requirirá de inevitables cambios e adaptacións ás necesidades específicas do alumnado.</p> <p>En calquera caso, contéplase como vías de contacto co alumnado: Envío e recepción de tarefas e materiais por medios dixitais (e físicos en</p>

	<p>casos excepcionais).</p> <p>Cada semana ponse a disposición do alumnado un vídeo explicativo cos contidos e tarefas que se van realizar.</p> <p>Mensaxería para resolver dúbidas.</p> <p>Posibilidade de chamada ao domicilio do alumno ou alumna, previa petición deste-a, en caso de precisar un contacto máis directo para resolver dúbidas, organizar a tarefa, etc.</p> <p>O recurso da videoconferencia non reúne as características de calidade mínima por cuestións de conectividade para esta tecnoloxía no lugar de residencia da profesora.</p>

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	A modificación da Programación Didáctica farase chegar ás titoras dos cursos de 4º ESO. Enviarase ademais por mensaxería ao alumnado dos grupos, acompañada dunha mensaxe na que se facilitarán ás familias vías para resolver calquera dúbida.
Publicidade	PUBLICARASE NA PÁXINA WEB DO CENTRO, EN LUGAR PREFERENTE.

En Ponte do Porto, a 11 de maio de 2020